

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xullo 2011

NOTA DE PRENSA

En xullo de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 11,3% e os dos bens importados un 5%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 11,3% en xullo de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 5%.

No que vai de ano (ata xullo), os prezos dos bens exportados medraron un 7,7% e os dos bens importados un 8,5%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios e de consumo foi do 15% e 11,9%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 4,5%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios medraron un 8,3%. Pola súa banda, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 1,3% e o dos bens de equipo un 16,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	11,3	7,7	ÍNDICE XERAL	5,0	8,5
Bens de consumo	11,9	11,1	Bens de consumo	-1,3	3,5
Bens de equipo	-4,5	5,2	Bens de equipo	-16,7	-7,1
Bens intermedios	15,0	4,2	Bens intermedios	8,3	10,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 18,1% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 17% para a UE-25 e do 15,3% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE diminuíron un 7,5%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 4,9% e os procedentes do resto de países un 3,5%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	18,1	9,8	UEM	5,4	2,8
UE-25	17,0	8,5	UE-25	0,6	0,4
OCDE	15,3	7,6	OCDE	4,9	5,3
Resto de países	-7,5	7,3	Resto de países	3,5	14,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en twitter : http://twitter.com#!/IGE_Estadistica